

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A GRAVACIÓN, PRODUCCIÓN, REALIZACIÓN E EMISIÓN DUN PROGRAMA DE TELEVISIÓN CON MOTIVO DO ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS DO PARLAMENTO DE GALICIA 2022

REUNIDOS

O **Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira** na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia,

D. Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, que actúa ao abeiro dos artigos 10 e 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

As partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia, constituído en Poder de Galicia ao abeiro do artigo 152 da Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, quere achegar á cidadanía que lexitima o seu poder institucional, o traballo dos seus órganos parlamentarios e dos seus membros.

Segundo.- A Corporación Radio e Televisión de Galicia, en adiante CRTVG, realiza a súa actividade de comunicación audiovisual baseada en principios inspiradores coma a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, e a

defensa da identidade de Galicia, reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

Para este fin, as partes acordan asinar este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

Este convenio ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia, e a Corporación Radio e Televisión de Galicia para a gravación, produción, realización e emisión pola súa canle Televisión de Galicia, do Acto de entrega das "**Medallas do Parlamento de Galicia 2022**", que se celebrará no Pazo do Hórreo o día 6 de abril de 2022.

Segunda.- Obrigas da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Ao abeiro deste convenio, a CRTVG, realizará a gravación do acto de entrega das "Medallas do Parlamento de Galicia".

Para a gravación do Acto aportará todos os medios técnicos para a produción da gravación (Unidades móbiles, cámaras, etc,...) e o persoal técnico necesario. Ademais aportará persoal para a iluminación do programa, persoal para maquillaxe e a presentadora do Acto.

A CRTVG poderá realizar promocións da Gala na súa programación.

En base ao anterior, o Parlamento de Galicia cede á CRTVG os dereitos que a lei de propiedade intelectual lle reserva aos produtores das gravacións audiovisuais, especialmente o de comunicación pública por televisión, por ondas terrestres, cable, satélite e internet (incluíndo a posta a disposición),

sen límite de pases ata a entrada da gravación no dominio público e para todo o mundo.

Terceira .- Obrigas do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia como organizadora do acto correspóndelle cantas actuacións fosen precisas para posibilitar as accións obxecto deste convenio, facilitando os traballos da CRTVG para a gravación do evento.

O Parlamento de Galicia deberá contar coa autorización de todas as persoas que participen ou figuren na gravación do "Acto de Entrega das Medallas do Parlamento de Galicia", consonte permiten a reprodución e a comunicación pública da súa imaxe e intervención, co alcance necesario para a execución deste convenio.

Cuarta .- Financiamento

Este convenio de colaboración para a gravación, produción, realización e emisión do acto indicado non devenga de por si gastos adicionais xa que as partes asinantes asumen os que resultan das súas obrigas con fondos propios dentro da súa actividade habitual.

Quinta.- Duración

Este convenio de colaboración estará vixente durante o tempo necesario para a produción e realización do programa que en todo caso non poderá estenderse máis de un ano dende a data da súa sinatura.

Sexta.- Prevención de Riscos Laborais

Ambas as dúas partes coordinarán as actividades empresariais que realicen conxuntamente, con respecto ás obrigas que a lexislación vixente establece para ambas as partes en materia de prevención de riscos laborais, especialmente o disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, o Regulamento dos Servizos de Prevención Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro, Lei 54/2003 de 12 de decembro de Reforma do Marco normativo da Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto

171/2004 de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

Sétima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión de seguimento composta por dous representante/s de cada unha das partes asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución; poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Oitava.- Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas no mesmo.

Novena.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Undécima.- Réxime Xurídico

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

En proba de conformidade asínase este convenio de colaboración por cuaduplicado exemplar en Santiago de Compostela o 23 de marzo de 2022.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia



Alfonso Sánchez Izquierdo
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

